ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 27 DE XULLO DE 2023

No Salón de sesións da Casa do Concello, ás 20:00 horas do xoves 27 de xullo de 2023 ten lugar a sesión Ordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa, Dª. Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa (voceira)
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo
Dª. Alicia María Souto Ramos
D.ª María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
Dª. María Pilar Barja Val
D. Pablo Santiso Vázquez

Grupo municipal do BNG
D. David Carro Temprano (voceiro)
Dª. Tania Golpe Pérez *(incorpórase no punto 5 da sesión)*

Foron asistidos pola interventora municipal, Dª. Laura Gutiérrez Ortiz e pola secretaria xeral, Dª. Ana María Cacharrón Castelos.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
2. DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DEFINITIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, 1º E 2º TRIMESTRE DE 2023
4. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2023, PRIMEIRO TRIMESTRE
5. APROBACIÓN DA CONTA XERAL EXERCICIO 2022. ACORDOS QUE PROCEDAN
6. APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023, 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2/2023. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE 2022/A008/000041
7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA
8. MOCIÓNS URXENTES
9. ROGOS E PREGUNTAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes á sesión constitutiva do 17 de xuño de 2023 e ás sesións ordinaria e extraordinaria do 27 de xuño de 2023, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

Non formulándose observacións, postas a aprobación as actas da sesión constitutiva do 17 de xuño de 2023 e das sesións ordinaria e extraordinaria do 27 de xuño de 2023, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbanse as referidas actas.

2. DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DEFINITIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

De conformidade co acordo plenario do 27.06.2023 e á vista dos escritos presentados polos distintos grupos municipais, ao abeiro do disposto no artigo 125.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais:

1. A composición definitiva da **Comisión Informativa Permanente de Asuntos do Pleno** é a seguinte:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE: a alcaldesa-presidenta, Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: os/as tenentes da alcaldesa na delegación correspondente)

Grupo municipal do PP: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes pola seguinte orde: M.ª del Loreto Caseiras Arroyo, Alicia M.ª Souto Ramos e María Arca Nieto)

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplentes pola seguinte orde: María del Pilar Barja Val e Pablo Santiso Vázquez)

Grupo Municipal do BNG: David Carro Temprano, suplente: Tania Golpe Pérez.

2. A composición definitiva da **Comisión Informativa Especial para o seguimento, estudo e informe do PXOM** é a seguinte:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE: a alcaldesa-presidenta, Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: os/as tenentes da alcaldesa na delegación correspondente)

Grupo municipal do PP: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes pola seguinte orde: M.ª del Loreto Caseiras Arroyo, Alicia M.ª Souto Ramos e María Arca Nieto)

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplentes pola seguinte orde: María del Pilar Barja Val e Pablo Santiso Vázquez)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Grupo Municipal do BNG: David Carro Temprano, suplente: Tania Golpe Pérez.

3. A composición definitiva da **Comisión Especial de Contas** é a seguinte:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE: a alcaldesa-presidenta, Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: os/as tenentes da alcaldesa na delegación correspondente)

Grupo municipal do PP: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes pola seguinte orde: M.ª del Loreto Caseiras Arroyo, Alicia M.ª Souto Ramos e María Arca Nieto)

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplentes pola seguinte orde: María del Pilar Barja Val e Pablo Santiso Vázquez)

Grupo Municipal do BNG: David Carro Temprano, suplente: Tania Golpe Pérez.

O Pleno queda enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, 1º E 2º TRIMESTRE DE 2023

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. Concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2023, PRIMEIRO TRIMESTRE

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. Concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

- A concelleira do grupo municipal do BNG, sr. Golpe Pérez, incorpórase á sesión durante a lectura do ditame do punto 5 da orde do día-

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, en xuntanza do día 30 de maio de 2023 e logo da súa exposición ao público sen alegacións, que transcrita literalmente di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

«Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu a formar a Conta Xeral, emitindo un informe que acompaña á mesma, no que entre outros extremos informa sobre a Regra 49.4 da Instrucción de Contabilidade que establece que ***"La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella ni genera responsabilidad por razón de las mismas"***

A Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 30 de maio de 2023, dictaminou favorablemente a Conta Xeral de 2022, procedéndose á súa exposición pública no Boletín Oficial da Provincia nº 105 de data 5 de xuño de 2023. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 212.3 do TRLRFL sen que se producisen reclamacións e en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do citado texto legal, propoño ó Pleno da Corporación, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2022, co desglose das Contas e Estados que a forman, e se indican a continuación:*

	Exercicio 2021	*Exercicio 2022*
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	*36.297.707,06 €*	*38.439.717,09 €*
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL: Aforro	*1.513.100,03 €*	*506.890,98 €*
Desaforro	*0,00 €*	*0,00 €*

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2022.

CONCEPTOS	***DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS***	***OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS***	***AXUSTES***	***RESULTADO ORZAMENTARIO***
a.- Operacións correntes	*8.060.752,63*	*6.681.591,86*		*1.379.160,77*
b.- Operacións de capital	*1.232.402,14*	*2.153.287,44*		*-920.885,30*
1. Total operacións non financeiras (a+b)	*9.293.154,77*	*8.834.879,30*		*458.275,47*
c) Activos financeiros	*3.880,73*	*4.980,08*		*-1.099,35*
d) Pasivos financeiros	*0,00*	*0,00*		*0,00*
2. Total operacións financeiras (c+d)	*3.880,73*	*4.980,08*		*-1.099,35*
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I=1+2)	*9.297.035,50*	*8.839.859,38*		*457.176,12*
AXUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			*1.779.505,08*	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			*386.825,87*	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			*1.313.721,53*	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)	*852.609,42*	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)		*1.309.785,54*

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

COMPOÑENTES	*IMPORTES ANO*	
1. Fondos líquidos		*6.936.309,14*
2. Dereitos pendentes de cobro		*160.661,34*
+ do orzamento corrente	*122.217,51*	
+ de orzamentos cerrados	*0,00*	
+ de operacións non orzamentarias	*38.443,83*	
3. Obrigas pendentes de pago		*430.674,28*
+ do orzamento corrente	*73.747,61*	
+ de orzamentos cerrados	*0,00*	
+ de operacións non orzamentarias	*356.926,67*	
4. Partidas pendentes de aplicación		*-19.101,86*
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	*19.186,06*	
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	*84,20*	
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)		*6.647.194,34*
II. Saldos de dubidoso cobro	*0,00*	
III. Exceso de financiación afectada		*48.272,16*
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		*6.598.922,18*

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2022.
- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente.....122.217,51 euros.
a) - Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 73.747,61 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.
- Comprometidos.....1.005.783,42 euros.
- Non comprometidos..... 2.870.838,08 euros.

***F) Memoria**: Completa, amplía e comenta la información contida no Balance, na Conta do resultado económico-patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento.*

***Segundo**: Que se proceda a render ó Consello de Contas da Xunta de Galicia a referida Conta Xeral, de acordo co previsto no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

O Pleno da Corporación decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe
A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez»

A sra. Alcaldesa indica que se resumíu o contido desta acta na Comisión especial de contas e que a súa aprobación é un acto esencial para que poida ser fiscalizada polos órganos de control externos e que a súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aprobación non require conformidade coas actuacións reflexadas nela nin xera responsabilidade por razón das mesmas. Tamén comenta que a conta reflexa a situación saneada do Concello e menciona os reparos que se lle teñen feito e os motivos destes.

A sra. Caseiras Arroyo comenta que hai certos reparos que si dependen da lexislación pero outros son reiterados e solicita que se procuren evitar de xeito que para o ano próximo se reduza o seu número. Manifesta que o grupo municipal do PP vaise abster.

O sr. Carro Temprano manifesta que a Conta Xeral se trata dun documento técnico e que cómpre que pase a fiscalización do Tribunal de Contas. Manifesta que o grupo municipal do BNG absterase para facilitar o pase. Solicita tamén que se procure reducir o número de reparos, así como o remanente que queda ano a ano.

O sr. Fariña Pedreira manifesta que non ten nada que engadir.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dúas (2) abstencións. Total sete (7) votos a favor e seis (6) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023, 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2/2023. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE 2022/A008/000041

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 dexullo de 2023, que transcrita literalmente di:

«Logo de ver a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), "POS+2023", recibida o 28 de novembro de 2022, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 228, do 1.12.2022.

Logo de ver a Circular para comunicar aos concellos o importe da achega provincial no POS+Adicional 2/2023 da deputación, recibida en abril de 2023, na que se establece que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Bergondo é de 335.294,82 euros e, así mesmo, a Circular sobre a elaboración do POS+Adicional 2/2023 para gasto corrente e investimentos financeiramente sostibles por maior achega desta deputación, de xuño de 2023, que dispón que o POS+Adicional 2/2023 se aprobará en dúas fases, podéndose participar nunha fase ou nas dúas.
Considerando o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 13 de xullo de 2023, polo que se confirma a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento do investimento financeiramente sostible que este concello xa tiña incluído no Plan Complementario ao POS+ 2023, "Saneamento no Lugar de Covas (Concello de Bergondo)", cun orzamento de 127.829,66 euros, ive incluído,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que foi presentado na deputación o 14 de xullo de 2023, segundo consta no xustificante que figura na plataforma provincial SUBTEL.

De acordo co exposto, e tendo en conta que o Concello de Bergondo ten intención de participar igualmente na segunda fase do Plan provincial Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" mediante o proxecto da obra de "Acondicionamento de marxes da estrada entre Miodelo e San Fiz de Vixoi ata a CP-0801. T.M. de Bergondo (A Coruña)", cun orzamento por contrata de 470.900,52 euros, ive incluído, ***propoño*** *ao Pleno, que previo ditame da Comisión Informativa, adopte o seguinte ACORDO:*

PRIMEIRO*. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 2/2023"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	*Deputación*
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	----

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	*Financiamento dos investimentos*				
	Deputación	*Concello*			*Orzamento total*
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total concello*	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	***Financiamento dos investimentos***				
	Deputación	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total concello***	
Acondicionamento de marxes da estrada entre Miodelo e San Fiz de Vixoi ata a CP-0801. T.M. de Bergondo (A Coruña)	*263.708,95 €*	*207.191,57€*	---	*207.191,57€*	*470.900,52 €*
TOTAL	*263.708,95 €*	*207.191,57€*	---	*207.191,57€*	*470.900,52 €*

Aprobar o proxecto da obra que non estaba incluído no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relaciona

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2023 *2ª FASE*	*Deputación*	*Concello*	*IVE Soportado deducible*	*Total concello*	*Orzamento Total*
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	---				---
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	*263.708,95 €*	*207.191,57€*	---	*207.191,57€*	*470.900,52 €*
TOTAL	*263.708,95 €*	*207.191,57€*	---	*207.191,57€*	*470.900,52 €*

***SEGUNDO**. Declarar que o Concello de Bergondo está a realizar os trámites necesarios para acadar a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución deste investimento, e para resolver todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

***TERCEIRO.** Declarar que o concello ten crédito para facer fronte á achega municipal do investimento incluído na segunda fase do POS+Adicional 2/2023*

***CUARTO**. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluída no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

***QUINTO**. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

***SEXTO**. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***SÉTIMO**. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Bergondo, 20 de xullo de 2023
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez»

A sra. Alcaldesa comenta que este tema se abordou no pleno de maio cando se fixo o suplemento de crédito e recorda que ao Plan Único se lle vai engadindo crédito e que coa asignación que se lle fixo ao Concello se acondicionarán as marxes dende Miodelo ata San Fiz, ata a zona da igrexa. Engade que non se lle pode denominar "senda" polo ancho e, ademais, substituiranse as zonas de cuneta por unha tubería de pluviais e se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

dotará de adoquín a zona máis estreita, a zona da Torre, para reducir a velocidade dos vehículos.

O sr. Fafián Torreiro interésase polo estado do proxecto e pregunta se se tiveron en consideración os problemas de pluviais en Miodelo.

A sra. Alcaldesa indica que esa problemática se está a analizar.

O sr. Fafián Torreiro pregunta por que non se intentou facer unha senda, coas expropiacións necesarias.

A sra. Alcaldesa indica que se valorou esa opción, pero que se optou por non facer expropiacións para facer xa un proxecto, xa que as expropiacións son máis lentas.

O sr. Carro Temprano indica que non en nada que manifestar neste punto.

O sr. Fariña Pedreira manifesta o seu voto favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos, a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación pola sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de organización e funcionamento das Entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas dende o 28 de marzo ao 21 de xullo de 2023, ámbolos dous incluídos, numerados do 375/2023 do 28 de marzo de 2023 ao 845/2023 do 21 de xullo de 2023.

8. MOCIÓNS URXENTES

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, manifesta que por razóns de urxencia, incorpora un asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria; xustifica a urxencia en que o escrito foi recibido o luns e se debe remitir o acordo antes do un de setembro e non se prevé que durante o mes de agosto non haxa Pleno.

Logo da xustificación da urxencia e de conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do ROF, sométese ao voto do Pleno a declaración de urxencia e a procedencia do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

seu debate; e por unanimidade de votos a favor (trece), o Pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do seu debate.

8.1 DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024. EXPEDIENTE: 2023/X998/000057

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

«Con data 24 de xullo de 2023, e núm. rexistro de entrada 202300000001333, recibiuse un escrito do Servizo de apoio ao emprego, emprendemento e economía social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación co Calendario Laboral para o ano 2024 na Comunidade Autónoma de Galicia, e co obxecto de determinar os dous días que no ámbito deste termo municipal serán festas locais, e, polo tanto, terán carácter retribuído e non Recuperable para o vindeiro ano 2024; o acordo adoptado deberá remitirse antes do 1 de setembro ao citado Servizo.

Logo de ver que os festivos a sinalar polo Concello de Bergondo o vindeiro ano, coincidirían cos que tradicionalmente se fixan cada ano pola Corporación.

Logo de ver o disposto no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

***PRIMEIRO**. Determinar como días festivos locais no Concello de Bergondo para o ano 2024, os seguintes:*
- 13 de febreiro, martes de Entroido
- 16 de agosto

***SEGUNDO.** Remitir unha certificación deste acordo ao ervizo de apoio ao emprego, emprendemento e economía social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.*

Bergondo, 27 de xullo de 202300000001333

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez»

A sra. Alcaldesa manifesta que a proposta é a mesma dos últimos anos: martes de Entroido e o día 16 de agosto.

O sr. Fafián Torreiro manifesta que non ten nada que alegar.

O sr. Carro Temprano manifesta que non ten nada que alegar.

O sr. Fariña Pedreira manifesta que non ten nada que alegar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

9. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas. Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo municipal do BNG a través de Sede Electrónica do Concello, o día 24 de setembro de 2023 con número de rexistro de entrada 202399900002857 foron os seguintes:

1.- ¿Que novidades trouxo a visita do novo Delegado e a Subdelegada do Goberno que afecten a nivel municipal?

2.- ¿En que estado se atopa a tramitación da Senda fluvial do río Maior e saneamento de Lubre? Vai case ano e medio dende que abriran un novo período de alegacións sen que tivesen resposta ata o momento.

3.- ¿En que estado se atopa o estudo encargado con motivo das inundacións no polígono industrial?

4.- ¿En que punto se atopa a tramitación para a reposición da parada de taxis de Guísamo logo de máis dun ano da súa "estadia provisoria"?

5.- A respecto da limpeza do perímetro do polígono industrial que quedara a medias, continua habendo zonas sen cortar ¿manexan algún prazo para a súa finalización definitiva?.

6.- ¿En que prazo teñen prevista a licitación das actividades culturais e deportivas municipais?

7.- ¿Que previsión manexan para reactivar a tramitación do PXOM nesta nova lexislatura?

1.- ROGO. Se leve a cabo unha revisión completa das marquesinas de autobús para que esten listas para o inverno, en moitos casos teñen algunha rotura ou fáltalles algún panel.

2.- ROGO. Se lle de maior publicidade as actividades que realiza o Concello, xa que moitas persoas trasládannos que non participan porque non se enteran. Como proposta para contribuír a difusión propoñemos recuperar o envío en papel das programacións.

3.- ROGO. A respecto das actividades de mocidade deste verán, programadas, e que finalmente tiveron pouca participación, rogamos se organicen e publiciten antes, e se coñezan todas en tempo, xa que según nos traslada a veciñanza, cando se coñeceron, e por partes, as familias xa tiñan planificado o verán.

4.- ROGO. A finais de ano púxose en marcha unha nova ruta de autobús dende Sada que da servizo tamén a parroquia de Lubre. Rogamos que se lle de publicidade por parte do concello, informando a veciñanza de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

frecuencias, horarios, paradas, ...

5.- ROGO. Logo das eleccións estatais, son moitas as papeletas en branco que quedan sen utilizar, co que supón de desperdicio de papel. Propoñemos que se reutilicen facendo blocks de notas xa que aínda se podería utilizar unha cara. Podería ser material para algún tipo de obradoiro básico de encadernación.

A sra. Alcaldesa pregunta se algún grupo quere facer algún rogo ou pregunta máis.

O sr. Fafián Torreiro do grupo municipal do PP, indica que o seu grupo quere facer un rogo. En Fiobre arderon dous contenedores e só se repuxo un e rogan que se repoñan os dous porque, agora mesmo no verán, pois hai unha cancha de veraneantes curioso e da un pouco de noxo só ter un contenedor e todo ao redor cheo de lixo.

Esta acta foi gravada con vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000010 a dita gravación en formato mp4. A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:
F27D1A527970B18D3DA3F4CC3C34800BA54F132C7B510DB09C01E4CBAD73E629

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000010 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:
A34B07838BC04D558B3C4A75BDC1805438905BCEC5BFBA0D72CBE35E76CAA697

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta Autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria Xeral,
Ana María Cacharrón Castelos

A alcaldesa,
Alejandra Pérez Máquez

CVD: g2vl16G5kEz9l01gmEEd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)